

PROXECTO LINGÜÍSTICO



C.E.I.P. Sta. M^a do Castro

Cursos 2020/21 – 2024/25



ÍNDICE		
1	INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL	3
2	ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO	5
2.1	CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO	
2.2	SITUACIÓN DO PROFESORADO	
2.3	SITUACIÓN DO ALUMNADO	
2.4	SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	
3	OBXECTIVOS E LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	7
3.1	DO CONTORNO DO CENTRO	
3.2	DO PROFESORADO	
3.3	DO ALUMNADO	
3.4	DO CENTRO E DO EDLG	
4	ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA A ADQUISICIÓN DAS LINGUAS NA EDUCACIÓN INFANTIL	11
5	LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS	13
6	PROCEDIMENTO PARA O REFORZO DO CORRECTO USO LINGÜÍSTICO PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	15
7	MEDIDAS A ADOPTAR PARA O TRATAMENTO DAS LINGUAS	17
8	ACTUACIÓNS CONCRETAS DINAMIZADORAS DO GALEGO NO CENTRO	19
9	CRITERIOS PARA O SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO	20
ANEXO I: RESULTADO DA PREGUNTA DO IDIOMA MATERNO NO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN Ó CENTRO.		22



1. **INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL**

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade, tal e como se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que o galego e o castelán son oficiais en Galicia e que todos temos o dereito de coñecelos e usalos.

No CEIP Santa María do Castro traballamos dende hai anos no desenvolvemento de Proxectos que nos permitan por unha banda afondar no coñecemento da nosa cultura lingüística, e pola outra na dinamización e normalización do uso do galego no ensino.

Este proxecto lingüístico baséase na normativa vixente, tendo como referencia o seguinte marco legal:

-Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (DOG 21/10/1996): artigo 98

-Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria, dependentes da Consellería de Educación e OU (DOG 02/09/1997): apartado 3

-Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09/07/2007)

-Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010)



- Orde do 6 de outubro de 2010, polo que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 15/10/2010)
- Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.



2. **ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO**

2.1 Contorno sociolingüístico: O CEIP Santa María do Castro está situado nunha zona rural, en Cabo de Cruz, unha vila pertencente a Boiro, onde o uso do galego como lingua materna atópase nunha situación maioritaria. As actividades principais que sustentan á meirande parte das familias baséanse nos traballos no mar e traballo asalariado nas industrias conserveiras da zona.

2.2 Situación do profesorado: No centro traballamos 17 mestres/as, 3 delas itinerantes con outros centros educativos, nos que a lingua habitual da maioría é o galego.

Aínda que non todo o profesorado forma parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cabe destacar a súa participación activa no desenvolvemento das actividades relacionadas co uso e fomento do galego.

2.3 Situación do alumnado: A maioría do alumnado reside en Cabo de Cruz, polo que a maior parte son galegofalantes.

No centro hai escolarizados 143 alumnos, incluíndo Educación Infantil e Educación Primaria. Como se vén dicindo, practicamente todo o alumnado ten como lingua materna o galego, polo que aceptan con total normalidade o uso do mesmo na escola.

A nivel escrito hai certo conflito entre o galego normativo e as variantes dialectais da zona do Barbanza.

Cómpre destacar tamén que a aprendizaxe da lecto-escritura realízase en galego.

Aínda que se trata polo momento dunha situación moi minoritaria, é necesario resaltar a chegada nos últimos anos de alumnado procedente de fóra da nosa



Comunidade, que non coñece polo tanto o galego, e á situación lingüística dos cales o centro se ten que adaptar.

2.4. Situación lingüística do Centro:

Do funcionamento do centro cómpre destacar os seguintes puntos:

- O equipo directivo está integrado no proceso dinamizador e apoia as medidas que axudan a fomentar o uso do galego na comunidade educativa.
- O profesorado está interesado en apoiar o proceso dinamizador e amósase disposto a implicarse en todas aquelas actividades que favorezan normalizar o uso do galego na escola.

A tarefa do EDLG vese moi facilitada pola implicación do equipo directivo, o profesorado e o resto da comunidade educativa nas actividades en prol da nosa lingua desenvoltas ao longo de cada curso académico. Isto permite a continuidade das actividades dentro do Proxecto de fomento do uso do galego (Semana Cultural, Día de Rosalía...) e a realización de actividades interdisciplinares con outros equipos de centro.



3. OBXECTIVOS E LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O obxectivo xeral dentro do plan de potenciación do uso do galego é facilitarlle ao alumnado propostas educativas que favorezan unha mellor competencia na lingua galega, tanto de xeito oral coma escrito, e que contribúan a fomentar o respecto pola nosa lingua.

Para a consecución dese obxectivo xenérico prográmanse unha serie de actividades que podemos considerar plurianuais e outras que se desenvolven máis especificamente dentro do Plan de fomento do uso do galego presentado cada curso ante a Secretaría de Dinamización Lingüística.

3.1 Da contorna do centro

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
✓ Difundir a cultura galega entre a comunidade educativa	✓ Realización de exposicións e actos abertos a toda a comunidade: Magosto, Samaín, Entroido...
✓ Promover o coñecemento da contorna	✓ Saídas para o estudo da contorna
✓ Implicar a toda a Comunidade Educativa na celebración de datas conmemorativas.	✓ Implicar ás familias na realización de obradoiros, relatorios, xogos...
✓ Participar en actividades propostas que teñan por finalidade a difusión da lingua e da cultura galegas	✓ Coordinación e colaboración co departamento de deportes do concello e con outros centros para xornadas deportivas, xogos tradicionais...
	✓ Colaboración coa Concellería de Educación e outras institucións e asociacións culturais para o desenvolvemento de actividades de divulgación da nosa cultura e idioma.



3.2 Do profesorado

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<p>✓ Facilitarlle ó profesorado materiais axeitados para que promovan o coñecemento da lingua e da cultura galega.</p> <p>✓ Promover a comprensión e a expresión tanto oral como escrita da lingua galega.</p> <p>✓ Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador.</p> <p>✓ Organizar e impulsar a celebración de datas conmemorativas.</p> <p>✓ Realizar accións conxuntas co equipo de biblioteca e o resto do profesorado que potencien o hábito lector.</p> <p>✓ Elaborar e mercar material, se é preciso, para que o alumnado de NEAE poida participar das actividades.</p>	<p>✓ Elaboración de materiais e planificación de actividades para as distintas conmemoracións.</p> <p>✓ Participación nas actividades propostas polas institucións da contorna e outras institucións provinciais e autonómicas.</p> <p>✓ Cumprimentar fichas de seguimento de cada actividade realizada para a súa avaliación.</p> <p>✓ Coordinación co equipo de biblioteca e os outros equipos do centro para preparar as actividades propostas.</p> <p>✓ Selección e compra de materiais axeitados.</p>



3.3 Do alumnado

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<ul style="list-style-type: none">✓ Afianzar a lingua galega como elemento de identidade.✓ Avanzar no dominio da lingua tanto oral como escrita.✓ Participar nas manifestacións culturais e artísticas.✓ Participar activamente na celebración da Semana Cultural (Semana das Letras Galegas).✓ Coñecer cancións, refráns, lendas e tradicións de Galicia.✓ Fomentar o respecto, a amizade e o compañeirismo.✓ Comentar libros e películas de interese galego.	<ul style="list-style-type: none">✓ Animar ao uso do galego nas actividades escolares e na vida diaria.✓ Uso de materiais didácticos motivadores e axeitados.✓ Participación activa en actividades e concursos de lingua galega oral e escrita.✓ Coñecemento dos autores homenaxeados nas Letras Galegas e das súas obras.✓ Realización de actividades de contacontos e charlas de interese por parte de especialistas, as familias e os propios nenos.✓ Achegar ao alumnado á música, ás tradicións, ás adiviñas, trabalinguas... traballando a memoria visual, auditiva e verbal.✓ Uso das novas tecnoloxías para atopar e elaborar recursos en galego



3.4 Do Centro e do EDLG

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<p>✓ Continuar co proceso de dinamización do galego.</p> <p>✓ Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, contacontos...que promovan o uso do galego.</p> <p>✓ Promover as festas tradicionais galegas.</p> <p>✓ Promover o coñecemento da riqueza cultural da contorna.</p> <p>✓ Dotar a biblioteca e as aulas de materiais en galego .</p> <p>✓ Fomentar o uso das TICs empregando o galego.</p> <p>✓ Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante.</p> <p>✓ Respetar o dereito individual que cada un ten de empregar a lingua que estime oportuno.</p> <p>✓ Poñer en coñecemento do profesorado os distintos cursos, seminarios... ofertados pola administración ou por calquera outra entidade.</p>	<p>✓ Emprego da lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, páxina web, comunicados...</p> <p>✓ Contratación de escritores galegos, ilustradores e contacontos relacionados coa literatura infantil en lingua galega.</p> <p>✓ Organización de contacontos e exposicións en galego por parte das familias e o alumnado.</p> <p>✓ Recuperación de xogos tradicionais e asistencia a concertos musicais.</p> <p>✓ Realización de investigacións sobre historia, lendas... da contorna.</p> <p>✓ Ampliación dos fondos da biblioteca con libros en galego que resulten atractivos para o alumnado.</p> <p>✓ Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos... en galego.</p> <p>✓ Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo e continuar impulsando a Semana Cultural con motivo da celebración das Letras Galegas.</p>



4. ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE DAS LINGUAS NA EDUCACIÓN INFANTIL

Tal e como establece o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 5º, *“o profesorado de Educación Infantil usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, a outra lingua oficial de Galicia”*.

No noso Centro a lingua materna predominante entre o alumnado desta etapa é o galego, polo que a lingua vehicular será esa, introducindo pouco a pouco o castelán para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

As actividades e estratexias para alcanzar este obxectivo serán as seguintes:

- ✓ Realización de Proxectos: As fichas dos proxectos de traballo que levamos a cabo nas aulas realízanse en galego. A busca de información e as exposicións realízanse nas dúas linguas (depende da fonte onde atopemos a información).
- ✓ A Asemblea e as rutinas da mañá (día, mes, ano, estación, meteoroloxía...), lévanse a cabo en galego.
- ✓ Lóxico-Matemática: As actividades e fichas de lóxico-matemática explícanse en galego, se ben o vocabulario preséntaselle ó alumnado nas dúas linguas.
- ✓ Método Doman: O material deste método de estimulación para a aprendizaxe da lecto-escritura foi elaborado no noso Centro en lingua galega.



Tamén se emprega material comercial en castelán con apoio de imaxes (xa que non o atopamos adaptado á nosa lingua).

- ✓ Lectura de Contos: Esta actividade realízase en galego, castelán e inglés, aínda que temos, de lonxe, moita máis presenza do galego.
- ✓ Cartelería: Os carteis indicadores dos recunchos e o material nas aulas está en galego.
- ✓ Cancións: Aprendemos cancións en galego, castelán e inglés.

Todos os niveis de Educación Infantil contan con dúas sesións de 30 minutos de Inglés á semana, co fin de que o alumnado destas idades comece o seu achegamento a unha lingua estranxeira.

A aprendizaxe do inglés na etapa infantil centrase na comprensión e a expresión orais, respectando os ritmos madurativos do alumnado. Desenvólvense actividades de xogo dirixido para incorporar vocabulario e estruturas.



5. LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS

Con respecto á distribución lingüística curricular, no centro cúmprese o establecido no **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.**

Na Educación Primaria o uso das linguas Galega e Castelá queda distribuído nas diferentes áreas da seguinte maneira, garantindo así un tratamento equilibrado nas dúas linguas oficiais de Galicia:

ÁREAS IMPARTIDAS EN GALEGO	ÁREAS IMPARTIDAS EN CASTELÁN	ÁREAS IMPARTIDAS IN INGLÉS
Lingua Galega	Lingua Castelá	Inglés
Ciencias Naturais	Matemáticas	Plástica (5º e 6º)
Ciencias Sociais	Relixión / VSC	
Educación Física	Plástica(1º,2º,3º,e 4º E.P)	
Música	Libre configuración	



A distribución por horas é a que segue:

Cursos Materias	1º		2º		3º		4º		5º		6º	
	C	G	C	G	C	G	C	G	C	G	C	G
L.Galega		4		4		4		4		4		3
L. Castelá	4		4		4		4		4		3	
Matemáticas	5		5		4		4		5		5	
CCSS		3		2		3		2		2		3
CCNN		2		2		2		2		2		2
Plástica		1		1		1		1				
Música	1		1		1		1		1		1	
Relixión / VSC	1		2		1		1		1		1	
E. Física		2		2		2		2		2		2
Libre Conf.							1				1	
L. Inglesa												
TOTAL	11	12	12	11	10	12	11	11	11	10	11	10



6. PROCEDIMIENTO PARA O REFORZO DO CORRECTO USO LINGÜÍSTICO PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

O procedemento a levar a cabo co alumnado que presente un déficit lingüístico será o seguinte:

1º. Detección das necesidades a partir dunha avaliación inicial e continua, aplicando as medidas preventivas que sexan necesarias. Cando a valoración das necesidades desborde as posibilidades do titor/a, este recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica.

2º. A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto apoio en aula por parte do profesorado con horas dispoñibles como por parte do mestre/a de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe se fora preciso.

No caso de alumnado con NEAE o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración en cada caso.

3º. Tendo en conta que case todo o alumnado do noso centro é galego-falante, destacar que os alumnos e alumnas que descoñezan a lingua galega estarán inmersos nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no ámbito oral.



MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO INMIGRANTE E ESTRANXEIRO:

No Plan de atención ao alumnado procedente do estranxeiro (incluído no PXAD) están recollidos uns criterios de carácter organizativo e pedagóxico, que inclúen as medidas de atención escolar de tipo curricular (reforzo educativo, adaptacións curriculares e/ou flexibilización da escolarización), e de tipo organizativo (nos que xa estaríamos falando de grupos flexibles de adquisición da lingua ou de adquisición da competencia curricular).

En todos os casos estarían informadas as familias e, no segundo, habería que contar coa autorización da Xefatura Territorial e co informe da inspección educativa.



7. MEDIDAS A ADOPTAR PARA O TRATAMENTO DAS LINGUAS

O obxectivo xeral dentro do plan de potenciación do galego é facilitarlle ao alumnado propostas educativas que o capaciten para o uso correcto da lingua galega, tanto na súa forma oral como na escrita, e que contribúan a fomentar o respecto pola lingua.

As medidas básicas a adoptar en relación coa lingua galega son:

- Dotar ao Centro de materiais e recursos en lingua galega.
- Informar ao profesorado sobre cursos e actividades de formación sobre a lingua galega.
- Potenciar o uso do galego en todos os ámbitos (familiar, escolar...).
- Elaborar en galego toda a documentación pedagóxica que proceda.
- Usar as novas tecnoloxías en galego, cando sexa posible. Debido á situación epidemiolóxica actual, estas cobraron unha especial relevancia.
- Implicar a toda a comunidade no proceso de normalización da lingua galega.
- Colaborar con diversos colectivos en actividades promovidas en galego.

As medidas en relación coa lingua castelá son:

- Dotar ao Centro dos materiais e recursos necesarios en lingua castelá.
- Informar ao profesorado das distintas actividades de formación e cursos sobre a lingua castelá.



- Potenciar a participación en actividades e visitas culturais que favorezan a aprendizaxe da lingua castelá.

As medidas en relación coa lingua inglesa son:

- Continuar desenvolvendo o proxecto de sección bilingüe nos cursos correspondentes.
- Utilizar recursos audiovisuais as TICs en lingua inglesa.
- Crear cursos na aula virtual para cada nivel de inglés e para as materias da sección bilingüe.
- Informar dos cursos e actividades de formación sobre a lingua inglesa.
- Dotar ao profesorado especialista con materiais e recursos en lingua inglesa.
- Uso de actividades de comunicación oral nas clases.
- Participación na actividade de Inmersión lingüística para o 6º nivel cando corresponda.
- Usar E-DIXGAL para levar a cabo distintas actividades propostas en lingua inglesa.



8. ACTUACIÓNS CONCRETAS DINAMIZADORAS DO GALEGO NO CENTRO

Dende o Equipo Directivo, Departamento de Orientación, EDLG, así como as demais coordinacións dos equipos docentes, propiciarase todo tipo de actuacións dinamizadoras que favorezan o coñecemento, uso e práctica das distintas linguas, entre as que cabe sinalar:

- ✓ A realización de visitas culturais e educativas.
- ✓ Creación de espazos para a exposición de materiais elaborados polo alumnado dos distintos niveis.
- ✓ Realización de investigacións e publicacións que recuperen información sobre a contorna.
- ✓ Realización de actividades relacionadas cos xogos tradicionais.
- ✓ Celebración da Semana Cultural relacionándoa co Proxecto de fomento do uso do galego, co día das Letras Galegas e co autor homenaxeado.
- ✓ Realización de obras de teatro na lingua galega.
- ✓ Desenvolvemento de actividades en torno ás festividades típicas galegas como o Entroido, Magosto, Samaín...



9. CRITERIOS PARA O SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, o Proxecto Lingüístico do centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art.14º).

Previamente realizaremos unha valoración desde o noso claustro, onde se debaterán as distintas propostas.

Este proxecto será remitido cada catro cursos escolares ao servizo de Inspección Educativa.

Cada ano elaborárase unha addenda do Proxecto Lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua predominante no entorno dos nenos e nenas.
- Información e valoración das actividades e programas realizados polo centro no curso anterior e información sobre o que se vai facer no curso seguinte.
- Se houber algunha modificación na impartición de materias en lingua inglesa, informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería.

Así mesmo recollerase todos os anos na Memoria Anual do Centro a avaliación dos diferentes aspectos relacionados co fomento do uso da Lingua Galega no noso Centro: consecución de obxectivos, análise das actuacións levadas a cabo, implicación dos diferentes membros da Comunidade Educativa, progreso do alumnado na adquisición das competencias lingüísticas e a valoración dos resultados obtidos.



Este Documento foi elaborado por unha comisión nomeada para tal fin polo Equipo Directivo composta polos seguintes membros, e oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica:

Laura Guitián Castromil

Belén Torre Castro

M^a Belén Fernández Fernández

Lucía Abad Sánchez

Violeta Lado Martínez

María Luísa Segade Tarrío (Coordinadora)





ANEXO I: RESULTADO DA PREGUNTA DO IDIOMA MATERNO NO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN Ó CENTRO.

CURSO 2015-2016: Incorporáronse 14 alumnos en 4º infantil.

LINGUA MATERNA	Nº ALUMNADO
GALEGO	13
CASTELÁN	0
AMBAS (Galego + Castelán)	1
OUTRA	0

CURSO 2016-2017: Incorporáronse 22 alumnos (17 en 4º infantil, 2 en 6º infantil, 1 en 1º primaria, 1 en 3º primaria, 1 en 4º primaria).

LINGUA MATERNA	Nº ALUMNADO
GALEGO	16
CASTELÁN	2
AMBAS (Galego + Castelán)	2
OUTRA	2 (castelán + catalán)



CURSO 2017-2018: Incorporáronse 14 alumnos (7 en 4º infantil, 3 en 1º primaria, 1 en 2º primaria, 2 en 5º primaria, 1 en 6º primaria).

LINGUA MATERNA	Nº ALUMNADO
GALEGO	6
CASTELÁN	2
AMBAS (Galego + Castelán)	4
OUTRA	2 (rumano)

CURSO 2018-2019: Incorporáronse 16 alumnos (12 en 4º de Infantil, 1 en 5º de Infantil, 1 en 1º primaria, e 2 en 3º primaria).

LINGUA MATERNA	Nº ALUMNADO
GALEGO	7
CASTELÁN	0
AMBAS (Galego + Castelán)	9
OUTRA	3 (portugués)



CURSO 2019-2020: Incorporáronse 20 nenos e nenas ao Centro (16 en 4º de Infantil, 2 en 5º de Infantil, 1 en 6º de Infantil 1 e 1 en 2º de Primaria).

LINGUA MATERNA	Nº ALUMNADO
GALEGO	11
CASTELÁN	3
AMBAS (Galego + Castelán)	2
OUTRA	4 (portugués)

CURSO 2020-2021: Incorporáronse 18 nenos e nenas ó noso Centro (15 en 4º infantil, 2 en 3º primaria e 1 en 4º primaria). Unha vez feita a análise da pregunta formulada aos pais/nais sobre a lingua materna dos seus fillos/as, obtéñense os seguintes resultados:

LINGUA MATERNA	Nº ALUMNADO
GALEGO	5
CASTELÁN	1
AMBAS (Galego + Castelán)	11
OUTRA	1 (twi + inglés)